CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 151. Agosto 2018. Distribución gratuíta

EMPRESA

Premios directos nun Mercamelide que colle pulo con 22 tendas P3

MELIDE

O PP rexeita apoiar unha moción contra a mina de Touro P11

COMARCA

Malestar en Toques tras serlles denegadas catro axudas da Xunta P13

ENTREVISTA

Roberto Mejuto, *Talleres Mejuto* P23

O San Roque de Melide, de novo entre as mellores festas de Galicia

O listón quedou moi alto o ano pasado e parecía difícil de superar, pero o cartel da presente edición volveu sorprender de novo pola súa calidade e variedade. As orquestras máis demandadas da actualidade e os concertos de La Pegatina e David de María volven a situar ao San Roque entre as mellores festas do panorama galego. Variedade de actuacións e actividades para todas as idades completan a programación duns festexos que non son para contar, senón para vivir. P10

Público durante a actuación de Carlos Baute o ano pasado (Foto: Turismo Melide)

A falla de pediatras levarase ao Parlamento de Galicia

Os socialistas de Melide demandarán "calidade no servizo de pediatría" ao entender que, como en moitos concellos, presenta deficiencias importantes. P11

Santiso estrea dous locais sociais reformados

Os veciños de Santiso xa poden facer uso de novo dos locais sociais de Visantoña e Arcediago, despois das reformas efectuadas cun investimento da Deputación. P14

Editorial

O ensino no rural

O vindeiro curso dúas escolas unitarias máis deixarán de prestar servizo en Galicia. O motivo: o baixo número de alumnado, así o trasladaron dende a Xunta. Para ser máis exactos, o que di a Consellería é que a decisión responde "á obriga de realizar unha xestión eficiente dos recursos educativos sostidos con fondos públicos, adecuándoos tanto ás necesidades educativas de cada zona como á realidade social". Non sabemos de que maneira se garante a viabilidade dunha escola, sobre todo no eido rural, no momento en que se pecha ou se suprime.

Concentración dos veciños de Santiso no ano 2016

En setembro de 2016, a mobilización social liderada pola ANPA "A Xuntanza" do colexio de Santiso, conseguiu frustrar os plans da Xunta, que pretendía suprimir unha praza de profesor e agrupar o alumnado de seis cursos en dúas aulas; unha medida dende logo que non podería cualificarse como "xestión eficiente dos recursos educativos públicos" no rural.

É a norma xeral que vén aplicando a Xunta: suprimir e desmantelar os servizos públicos en substitución do que eles dan por chamar "xestión eficiente".

Os datos tampouco axudan. Só 13 dos 313 municipios galegos rexistraron máis nacementos que mortes durante o pasado ano. Ante isto cabe preguntarse se é a mellor opción o peche das escolas unitarias, ou debería haber unha alternativa para o seu mantemento.

Acotío escoitamos a dirixentes políticos apostar polo emprendemento no rural, pola conciliación, pola agricultura e gandería. Mais á hora da verdade, a realidade é ben distinta.

As familias que desexen fixar a súa residencia no rural deberían contar con todo tipo de facilidades. Se unha familia ten unha escola unitaria aberta preto da casa poderá levar aos seus fillos, ao igual que se dispón de servizo de comedor ou transporte. Trátase de fixar poboación no rural, e pechar escolas non cremos que sexa a medida máis efectiva.

Dende o ano 2005 deixaron de funcionar máis de douscentos centros por falta de alumnado, mais o peor é que os criterios da Xunta fixan en cinco ou menos os nenos matriculados para facelo. É dicir, aínda que haxa catro nenos matriculados a escola pecharase igualmente. Este non é o camiño da recuperación para o rural. O camiño é o do investimento nos centros públicos así como en medidas de conciliación. Pero unha conciliación real que lle permita ás familias que o desexen, quedar no rural. Axudas á natalidade, facilidades dende as empresas e, por suposto, mantemento de recursos en lugar da súa eliminación.

Non é un problema doado de xestionar, pois trascende ao ámbito educativo, pero dende logo a solución non pode pasar polo peche de centros escolares ano tras ano.

Tribuna de opinión

Búscase pediatra

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

É xa un problema endémico que se acentúa no verán; falamos da falta de pediatras que cada vez deixa máis queixas por toda Galicia. No caso de Melide a situación é sangrante, sobre todo se temos en conta que se trata dunha prestación compartida cos concellos de Santiso e Toques.

O día a día deste servizo transcorre entre esperas e desatencións, pois é frecuente chegar ao centro de saúde e que o pediatra nin sequera estea. A solución: "vaia vostede a urxencias".

Ben, todos entendemos que a responsabilidade non é dos profesionais, pois están cumprindo coa súa obriga dentro do que lle permiten as súas posibilidades. A responsabilidade vén de arriba. E que ninguén tente convencernos do contrario. Tanto é así que a comezos do mes de agosto soubemos da intención do Defensor do paciente de pedirlle á Fiscalía Superior que investigase a "falta de pediatras" nas localidades galegas. E cal foi a resposta de Feijóo? "Se alguén é pediatra e quere traballar en Galicia, só ten que contactar co Sergas e será inmediatamente contratado". Así, sen inmutarse...

Se xa é grave a falta de profesionais, máis grave é o desinterese da administración por solucionar a situación. É a saúde dos máis pequenos o que está en xogo e debería ser cuestión de primeira orde.

Non obstante, semella que aínda queda camiño por percorrer ata que a sanidade volva a ser o que era ou, polo menos, ata que a administración cambie de estratexia... ou de dono.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Xosé Núñez, Ángel Curtis
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....10
-COMARCA.....13
-CULTURA E LECER.....19
-DEPORTE.....20
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

Pulo ao Mercamelide de verán coa participación de 22 negocios

A feira será o 11 e 12 de agosto no Pazo de Congresos de Melide e, como novidade, repartiranse en total 700 euros en taxetas rasca

Cartel do Mercamelide e bandeirolas polas rúas anunciando a feira

A edición da recuperación, así podería definirse a feira de oportunidades Mercamelide que se vai celebrar a fin de semana do **11 e 12 de agosto** en Melide. E dicimos da recuperación porque medrou o interese entre os comerciantes para asistir a esta cita na súa edición estival. Tanto é así que despois de anos cunha menor afluencia por parte do sector, este ano serán 22 os comercios que acudirán ao Pazo de Congresos local para vender os seus stocks aos prezos máis competitivos. "É toda unha satisfacción ver como despois de anos a edición de verán volve a recuperar a asistencia e participación de anos atrás por parte dos comerciantes; se ben é certo que o Mercamelide de inverno sempre reuniu a máis negocios, a feira de oportunidades de verán recupera esta ano o pulo dos seus inicios", apuntaron dende a patronal.

En horario ininterrompido de once da mañá a oito da tarde, o Pazo de Congresos e Exposicións de Melide abrirá as súas portas para ofrecer descontos de ata o 80% en produtos de fogar, decoración, deportes, moda e calzado, complementos ou electrodomésticos. No sector da alimentación participa como novidade Borboriño Xeado, unha tenda de xeados artesás que conta con máis de 20 sabores diferentes.

Coincidindo co inicio das festas do San Roque agárdase unha alta afluencia de publico que, como principal novidade este ano, obterá con cada compra realizada unha tarxeta rasca. As tarxetas rasca substitúen así aos tradicionais sorteos para facer as dúas xornadas de feira máis dinámicas e con premios directos.

No caso de estar premiado o rasca, será cun vale desconto por importe de 10 euros que poderán canxear directamente en calquera dos comercios que participaron no Mercamelide, sen límete de tempo. Durante toda a fin de semana repartiranse en total 700 euros en vales de compra ocultos nas tarxetas rasca que se vaian entregando.

O Mercamelide está organizado polo Concello de Melide en colaboración coa Asociación de Empresarios.

Encontro de xerentes dos CCA en Santiago

A xerente de Asetem - CCA, Pilar López, asistiu en Santiago a unha reunión coa directora xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez Abeal, e cos xerentes dos demais Centros Comerciais Abertos (CCA) de Galicia para abordar as novas tendencias do comercio e o seu futuro, así como os retos na nova era da dixitalización. No encontro, a directora xeral de Comercio salientou a importancia dos CCA como ferramenta clave para seguir impulsando o comercio de proximidade. Neste senso, Vázquez Abeal avanzou que en próximas datas resolveranse as axudas da Administración Autonómica para impulsar a competitividade do comercio destinadas a centros comerciais abertos, asociacións de praceiros e federacións. En total destinaranse 2,5 millóns de euros.

Inserción laboral para os mozos de Melide

A tenda Sport Moda, en Melide, foi unha das empresas participantes no proxecto de inserción laboral 'Emprural: mozos e mozas con proxecto', que a Xunta de Galicia puxo en marcha para promover o emprendemento e o autoemprego entre a xente nova, aproveitando as oportunidades que ofrecen zonas rurais como o concello de Melide. Grazas a esta iniciativa, dende o pasado mes de xullo unha moza realizou as súas prácticas formativas en dito comercio, coa finalidade de ampliar as súas posibilidades de atopar traballo. O programa, no que participan 62 mozos e mozas de entre 16 e 30 anos en fase de finalización de estudos, desempregados ou en situación de abandono escolar, consta de 6 fases. A primeira foi a de inscrición e formación de grupos de traballo, na segunda impartiuse un Safari de emprego, a terceira e cuarta centráronse na preparación laboral e, finalmente, ofreceuse unha titoría individual para, ao remate, proceder a unha captura de proxectos. A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, coñeceu de primeira man o proxecto empresarial en Melide.

Apoio ás mulleres do rural

A Xunta de Galicia e CLUN veñen de asinar un convenio de colaboración para a visibilización e apoio a proxectos de promoción da Igualdade. O obxecto deste acordo non é outro que poñer en valor o traballo das mulleres, dando visibilidade ás actuacións levadas a cabo pola cooperativa CLUN no marco do proxecto 'Mulleres de seu', que trata de promover o empoderamento e o desenvolvemento profesional das mulleres, dignificando o seu papel no ámbito rural. O grupo 'Mulleres de seu', constituído en 2013 desde a Fundación Feiraco, reuniu ata a actualidade a máis de 450 socias en máis dunha vintena de accións formativas, talleres e outras xornadas de traballo.

PERITOS MELIDE

Javier López López - ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide e Toques
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traidas de auga, etc.

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com

Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

EMPRENDEDORES EN MELIDE

SANDRA ALDREY MARTÍNEZ, BORBORIÑO XEADO *(Rúa de San Pedro, nº 5)*

"Queriamos darlle un valor engadido ao noso leite e decidimos facer xeados"

Sandra Aldrey e Víctor Castro en Borboriño Xeado, que abre todos os días de 12.00 a 22.00h

Teñen a súa sede en Grixalba, no municipio de Sobrado, e veñen de inaugurar un obradoiro e tenda de xeados artesáns en Melide. Baixo o nome de Borboriño Xeado producen máis dunha vintena de sabores, todos eles elaborados coas mellores materias primas e un gran cariño. En Borboriño Xeado ademais, podemos atopar outros produtos como son embutidos de primeira calidade.

- Como é que se decidiron a emprender?

- Sandra Aldrey (S.A.): Temos unha granxa de vacas en Sobrado e queríamos darlle un valor engadido ao leite. Deste xeito, o que decidimos foi facer xeados co noso leite, xeado totalmente artesán.

- Entendo que foi un proceso longo

- S.A.: Si, nós levamos co proxecto dous anos e nun principio abrimos na Coruña, nun obradoiro que xa estaba montado e no que vendiamos principalmente á hostalería. Pero queríamos abrir un punto de venda propio, queríamos volver máis preto de onde somos nós. Foi entón cando decidimos abrir en Melide, montar aquí o obradoiro e o noso propio punto de venda. Finalmente puidemos abrir as portas e inaugurar a comezos do mes de xullo.

- Cantas persoas traballan en Borboriño?

- S.A.: Agora mesmo, atendendo ao público hai tres persoas, e facendo xeado somos outras tres.

- E que tal dende a apertura?

- S.A.: A verdade é que moi ben e contentísimos coa resposta da xente. Moitas persoas xa son clientes habituais de Melide que vemos todos os días. Vemos que lles gustan os nosos produtos artesás.

- Que variedades elaboran?

- S.A.: Un montón, agora mesmo estamos facendo uns 24 sabores diferentes. Entre eles atópanse os sabores de sempre como vainilla ou chocolate, ata outros máis innovadores como maracuyá, doce de leite, "Kinder bueno", torta de queixo, melindre ou San Xoán.

- Que diferenza hai entre un xeado artesá e outro industrial?

- S.A.: Sobre todo a maneira de facelo, o cariño que lle pos á hora de facer un xeado artesá tradúcese nun produto único. Nós coidamos dende a materia prima, que é o noso leite, ata cada aspecto do proceso, onde comezamos a engadirlle todo o máis natural posible como por exemplo a froita que é de proximidade ou a nata. Coidamos todos os detalles para que o produto final sexa o máis natural posible. E iso ao final percíbese no sabor e na calidade.

- É complicada a elaboración? Cal é o segredo para facer un bo xeado?

- S.A.: Iso depende do xeado, ten en conta que cada xeado ten un proceso de elaboración diferente. Normalmente nós o que intentamos é facer o xeado pola tarde, deixalo madurar toda a noite e, ao día seguinte, pola mañá mantecámolo e preparámolo para servir, pero todo o proceso con cariño e coas mellores materias primas. Non hai outro segredo.

Cursos de formación para desempregados e traballadores en activo

A Deputación da Coruña e a Confederación de Empresarios da Coruña (CEC) levarán a cabo un programa de formación do que se beneficiarán preto de 150 persoas na provincia, e que suporá un investimento de 30.600 euros. Desta cantidade, preto de 24.500 euros (o 80%) serán achegados pola institución provincial. O programa inclúe a realización de 8 cursos que se desenvolverán nas sedes das delegacións coruñesa e compostelá da Confederación e en diversos concellos da provincia, que se determinarán en función das solicitudes das persoas interesadas neste programa. Os cursos, destinados tanto a desempregados como a persoal en activo da provincia da Coruña, desenvolveranse ata finais de 2018 e inclúen un total de 215 horas de formación en cuestións como ferramentas de comunicación (40 horas), habilidades para a xestión e resolución de problemas (50 horas), introdución á contabilidade (15 horas), Web 2.0 e redes sociais no entorno de traballo (20 horas), Excel avanzado (15 horas), novo regulamento de protección de datos (5 horas), técnicas de venda (35 horas) e habilidades para o traballo en equipo (35 horas).

SABER DE LEI

A prisión preventiva

E&M AVOGADOS

No artigo deste mes traemos un tema que ultimamente está xerando moitos debates sociais por casos "mediáticos" nos que se discute a necesidade ou non de aplicar a prisión preventiva. Imos desenvolver polo miúdo o que as nosas leis penais establecen ao respecto.

A prisión preventiva é unha medida cautelar que implica a forma máis grave de actuar sobre a liberdade das persoas. Esta medida adóptase polo órgano xudicial e nos casos nos que se entende que as circunstancias do caso concreto non permiten adoptar outras medidas menos gravosas, como podería ser a obriga de comparecer no propio xulgado en persoa.

Acórdase nunha vista que se celebra no xulgado e na que están presentes o xuíz, o fiscal e o avogado da defensa. Neste acto da vista cada unha das partes concorrentes expón as súas alegacións e motiva de forma argumentada se no caso se dan ou non se dan as circunstancias para ditar a prisión provisional, de acordo ao artigo 505 da Lei de Enxuizamento Criminal.

Os requisitos para que se decrete a prisión provisional son os seguintes:

1. Que o delito sancionado teña unha pena privativa de liberdade igual ou superior aos 2 anos. No caso de ser inferior aos 2 anos pódese acordar igualmente se o encausado tivese antecedentes penais dunha condena por delito doloso.

2. Que existan motivos suficientes para pensar que a persoa é responsable criminalmente do delito.

3. Que mediante a prisión provisional se persigan algúns dos seguintes fins:

- Asegurar a presenza da persoa no procedemento xudicial.
- Evitar a ocultación, alteración ou destrución de probas relevantes no caso de que exista un perigo fundado.
- Evitar que a persoa poida actuar contra bens xurídicos protexidos da vítima. Neste caso non será aplicable o límite de pena máxima igual ou superior aos 2 anos de prisión.

4. Evitar o risco de que cometa outros feitos delituosos cando concorran os puntos 1 e 2.

Os tres primeiros requisitos deben concorrer inexcusablemente, e no requisito 3 só será necesario que concorra un dos tres fins que se sinalan para a prisión preventiva.

A prisión provisional durará o tempo imprescindible mentres se sigan dando os motivos que xustificaron o seu decreto. Cando a mesma se decretase para asegurar a presenza do investigado, evitar que o mesmo poida actuar contra bens xurídicos da vítima, ou para evitar que o investigado cometa outros feitos delituosos, poderase conceder unha soa prórroga á mesma. Non poderá exceder de un ano se o delito tivese unha pena privativa de liberdade igual ou inferior aos tres anos. E non poderá exceder de dous anos se a pena fose superior a tres anos. Cando a prisión provisional se decretase para evitar a ocultación, alteración ou destrución de probas, a prórroga non poderá exceder de 6 meses.

Para o cómputo dos prazos anteriores terase en conta o tempo que a persoa estivo detida ou en prisión provisional pola mesma causa. Así mesmo, é importante sinalar que o tempo cumprido en prisión provisional será descontado da pena total que debe cumprir o condenado unha vez haxa sentenza firme; é dicir, que xa non se poida volver a recorrer.

E&M AVOGADOS ~ Ana Mato e Iria Expósito
Rúa Xesús Carro 15, 2, Melide
Tlfs: 605 270 282 / 671 833 425

EMPRENDEDORES EN MELIDE

ANDREA GONZÁLEZ E MANUEL MARIÑO, *O PEQUENO BESBELLO*

Facebook: O pequeno besbello / www.opequenobesbello.es (Rúa de San Antón, nº 5)

"A falta de confianza en si mesmos é unha das maiores dificultades dos estudantes"

Levan anos en contacto co mundo da educación; Manuel desde a psicoloxía e as actividades de ocio e tempo libre, e Andrea desde a música e a participación activa en divulgación e asociacións de emprendemento rural e feminismo. Agora collen as rendas da academia O Pequeno Besbello en Melide.

Andrea é musicóloga e Manuel psicólogo educativo

- Que servizos ofrece O Pequeno Besbello?

- Andrea González e Manuel Mariño (A.G./M.M.): Clases de reforzo para as distintas etapas educativas, obradoiros temáticos como por exemplo matemáticas ou atención e memoria; tamén contamos cunha aula específica de idiomas para aprender non só a gramática, senón a desenvolver a competencia necesaria para dominar a lingua, e xa para o novo curso contaremos cun servizo de orientación e psicoloxía educativa, e tamén estamos deseñando novos obradoiros como relaxación e técnicas de estudo.

- A quen vai dirixido?

- A.G./M.M.: A calquera persoa interesada en aprender ou que poida necesitar axuda. Non importa a idade, traballamos con nenos e nenas, adolescentes, adultos e terceira idade.

- Algunha novidade na academia con respecto a outros anos?

- A.G./M.M.: Si. Debido á incorporación do servizo de psicoloxía educativa, todos os alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo poden dirixirse a nós para solicitar a beca que concede o ministerio para a súa atención. Ademais contaremos en breve coa certificación oficial de Cambridge que nos acredita como centro formador para as probas oficiais de inglés.

- Como é que se decidiron a coller as rendas de O Pequeno Besbello?

- A.G./M.M.: Coñeciamos a traxectoria e a filosofía de Marta, a anterior xestora da academia. Pensamos que encaixaba perfectamente coa nosa forma de entender a educación: grupos reducidos, adaptación, coñecemento dos alumnos e alumnas e sobre todo entrega e aceptación.

- Foilles difícil emprender?

- A.G./M.M.: Probablemente coma a todos os autónomos e autónomas. É difícil por como está a situación a nivel lexislativo e económico, especialmente superar o medo a arriscarse coa escasa axuda e sen facilidades a nivel administrativo. Pola parte que depende de nós e do entorno foi bastante sinxelo, temos un programa claro e sentímonos totalmente acollidos desde que chegamos.

- Que é o que máis lles gusta do seu traballo?

- A.G./M.M.: Gústanos ser axentes de cambio no entorno que nos rodea a través da educación. Valoramos moito o feito de ser partícipes no proceso de aprendizaxe das persoas, que moitas veces implica ver a superación e o descubrimento de capacidades descoñecidas, pero que sempre estiveron aí.

- Dende a súa experiencia, que é o que máis lles custa aos estudantes?

- A.G./M.M.: Coñecerse e entender como aprenden. Cremos que unha das maiores dificultades dos estudantes é a falta de confianza en si mesmos para afrontar os diferentes retos educativos. O medo, a presión e a dificultade para afrontar de forma positiva os erros xogan moitas malas pasadas.

- Que nos aconsellan para sacar un mellor rendemento ao estudo?

- A.G./M.M.: Non cremos nos consellos xerais, o mellor é a exploración: probar, equivocarse, acertar e aprender de toda esa experiencia. A mellor arma que temos é saber quen somos e como funcionamos.

- Pensando na volta ao cole en setembro, algunha recomendación para os estudantes?

- A.G./M.M.: Primeiro, que non se excedan no San Roque. Segundo, que gocen e carguen pilas. Para iso é imprescindible unha boa organización, gardar tempo para o ocio e as afeccións e saber combinalo coas tarefas de recuperación ou posta ao día. E se precisan axuda, que nos visiten ou nos chamen e estaremos aí para darlles apoio e reforzo no que precisen.

POR SER DE XUSTIZA

Cousas de parella

Eva Novás
Avogada

Cada vez son máis as parellas estables que escollen non formalizar a súa unión, xa sexa a través do matrimonio ou constituíndose como parellas de feito. Esta decisión non debera afectar á vida cotián dos seus membros pero, aínda que non nos guste poñernos no peor, pode ter consecuencias se un deles falece e non se tomaron en vida algunhas previsións. A cousa complícase máis aínda se temos en conta que as consecuencias poden variar dependendo da comunidade autónoma na que nos atopemos, por ter cada unha normas propias e distintas.

Para comezar, o feito de que os membros dunha parella estable outorguen testamento é case máis importante que no caso dun matrimonio. Doutro xeito, se un deles morre sen testar, o sobrevivente ou supérstite será considerado como un estraño ou alleo no momento da sucesión. En cambio, tratándose dunha parella inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, estaría equiparada ó matrimonio en tódolos seus efectos, incluído o sucesorio, de xeito que o sobrevivente tería dereitos comparables ós dun cónxuxe viúvo. Isto convén telo en conta, sobre todo, se un ou ambos teñen fillos doutras relacións.

Especialmente importante é ser previsores no relativo á vivenda habitual pois mediante a súa atribución á parella pódese evitar o seu desafiuzamento por precario unha vez faleza o que era propietario de dita vivenda. Non son infrecuentes os casos nos que os herdeiros do falecido empregan o desafiuzamento para expulsar ó sobrevivente pese a que se tratase dunha parella estable que conviviu durante moitos anos. Adoptar medidas de protección para o outro pode evitar que, se a intención dos herdeiros non é a mellor, o sobrevivente se vexa despoxado da que foi a súa vivenda habitual e unicamente se lle entregue o enxoval.

Se se trata dunha vivenda de alugueiro, o sobrevivente si que poderá subrogarse no contrato que tiña o arrendatario falecido, sempre e cando se tratase dunha unión estable e convivise co arrendatario polo menos dous anos antes do falecemento, salvo que tivesen fillos comúns, pois sendo así non se atendería a este prazo.

Por último, pese a que pouco a pouco se vai producindo a equiparación en dereitos co matrimonio, aínda existen diferencias que poden considerarse discriminatorias. No caso da pensión por viuvez en parellas non casadas, para que un dos membros poida ser beneficiario da pensión deberá demostrar a través do empadroamento que houbo unha convivencia continuada e estable polo menos cinco anos antes do falecemento do outro. Ademais, deberá ser unha parella de feito constituída mediante inscrición nun rexistro público de parellas, xa sexa dos autonómicos ou locais, do concello no que residiran. E a inscrición terá que constar feita como mínimo dous anos antes do falecemento.

Estes e moitos outros son asuntos que poucas veces se consideran cando unha parella comeza a súa vida en común e, simplemente, quere facelo de forma libre e sen formalismos de ningunha clase. Así debería poder ser pero, hoxe por hoxe, tratándose dunha unión estable e duradeira, compre asesorarse correctamente e reparar nestas cuestións. Adoptar unhas sinxelas previsións supón protexerse un ó outro e evitar complicacións e problemas de cara ó futuro.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

ACTUALIZACIÓN NORMATIVA

PRESUPOSTOS XERAIS DO ESTADO (PXE) PARA O ANO 2018 PUBLICADOS O 4 DE XULLO. PRINCIPAIS NOVIDADES

IRPF
Auméntanse os límites que exclúen da obriga de reter, pasando no caso de persoas sen cargas familiares de 12.000 euros a 12.643 euros.

DEDUCCIÓN POR MATERNIDADE
Aumentase a dedución por maternidade en 1.000 euros adicionais cando o contribuínte que teña dereito a ela satisfaga gastos de custodia en gardaría ou en centros de educación infantil por fillos menores de 3 anos ou no caso de que cumpra 3 anos no exercicio ata o mes anterior a que poida comezar o segundo ciclo de educación infantil.
O límite deste incremento na dedución terá como límite:

- As cotizacións e cotas totais a Seguridade Social
- O importe total do gasto efectivo non subvencionado satisfeito en cada exercicio á gardaría

Non se pode solicitar o abono anticipado deste incremento da dedución por maternidade.

DEDUCCIÓN POR FAMILIA NUMEROSA OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE A CARGO
- Incrementase ata 600 euros anuais a dedución por ascendente, ou irmán orfo de pai e nai que forme parte dunha familia numerosa, ou por ser un ascendente separado legalmente, ou sen vínculo matrimonial con dous fillos sen dereito a percibir anualidades por alimentos, por cada fillo que forme parte da familia numerosa que exceda do número mínimo de fillos esixidos para que dita familia adquirise a condición de familia numerosa de categoría xeral ou especial.
- Inclúese un novo suposto de dedución: por o cónxuxe non separado legalmente con discapacidade, que non teña rendas excluídas as exentas, superiores a 8.000 euros nin xere outra dedución por familiar con discapacidade.

OBRIGA DE DECLARAR
A partir do 2019, aumentase a obriga de declarar por o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas no caso de ter máis de un pagador de 12.000 euros a 14.000 euros.
No exercicio 2018 esta obriga será a partir dos 12.643 euros cando o imposto se devenge a partir do 4 de xullo.

BASE MÍNIMA COTIZACIÓN PARA AUTÓNOMOS
Dende o 01/07/2017, a base mínima de cotización para autónomos será de 932,70 € mensuais.
Para unha cotización básica (sen cobertura de AT e cese na actividade) a contía do recibo de autónomos do mes de xullo será de 278,80€.

INTERESE LEGAL DO DIÑEIRO E INTERESE DE DEMORA
O tipo de interese legal do diñeiro, durante a vixencia dos PXE queda establecido no 3%.
O interese de demora a efectos da normativa tributaria e de subvencións, será do 3,75%.

INDICADOR PÚBLICO DE RENDA DE EFECTOS MÚLTIPLES (IPREM)
a. O IPREM diario, 17,93 €
b. O IPREM mensual, 537,84 €
c. O IPREM anual 12 pagas, 6.454,03 € (7.519,59 € 14 pagas)

PERIODO DE PATERNIDADE
Ampliase a 5 semanas o período de suspensión do contrato por paternidade nos supostos de nacemento de fillo ou adopción.

Información elaborada por CC Xestión
R/Florentino L. Cuevillas, 2 - baixo (Melide)
Tlf.: 881 973 307

Tchin Tchin
ESPECIAL VERANO

TU 2º Y 3er PAR DE GAFAS POR 1€ MÁS*

Y EL 3º PARA TI O PARA QUIEN TÚ QUIERAS

«¡Con 3 gafas es mejor!»
Sharon Stone

* Oferta válida del 06/06/18 al 03/09/18. Ver condiciones en óptica.

RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU
ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

Recambios VULCANO

Tfnos.: 981 506 218
637 210 110
677 409 007

Avda. de Lugo, 99
15800 MELIDE
(A Coruña)

recambiosvulcano@gmail.com

- Recambios agrícola, camión, vehículo, industrial
- Hacemos todo tipo de latiguillos hidráulicos
- Distribuidores Husqvarna

DUSA
sistemas de elevación
para su vivienda o negocio

Ancéis, 34
15181 CAMBRE (A Coruña)
M. 636 56 44 07 T./F. 981 67 63 97
dusagalicia@dusagalicia.com

www.dusagalicia.com

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ópticastábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

Queridas veciñas e veciños de Melide,

Un ano máis estamos preto das tan esperadas e desexadas festas de San Roque. Melide prepárase por estas datas para as súas festas máis importantes, un auténtico escaparate para mostrar unha vez máis a nosa identidade cultural.

As festas do San Roque son esencia das nosas tradicións e á vez un espazo de encontro. Desde a nosa infancia todas as melidás e melidaos aprendemos a agardalas e vivilas con emoción. As festas son un conxunto de actividades, de traballo previo, de sentimentos compartillados, de encontros cos da casa, cos da casa que están fóra e cos de fóra que veñen a desfrutalas connosco.

Quero salientar o labor encomiábel da comisión de festexos á hora de elaborar o programa das festas en consonancia co concello, un programa cheo de actuacións e espectáculos musicais de primeira orde, que atinxe a todas as sensibilidades e idades da sociedade melidá, co desexo de lograr que unha vez máis as festas de San Roque estean no top das grandes festas de Galicia. Tampouco me quero esquecer de todas aquelas persoas que dun xeito ou doutro fixeron posíbel que as festas se levasen a cabo. A todas elas moitas grazas.

Melide é unha vila acolledora, hospitalaria, de paso de peregrinos e peregrinas ao longo de séculos, que sabe tratar ben a todo o mundo e desfrutar das súas festas civilizadamente. Divertirse e respectar aos demais son totalmente compatíbeis. É moi importante que isto non se esqueza, pois parte da excelencia das festas radica niso.

Quero tamén ter unha grata recordación para todas as melidás e melidaos ausentes, que por un motivo ou outro non poden pasar as festas connosco, mais estarán presentes nos nosos corazóns.

FELICES FESTAS A TODAS E A TODOS!

Dalia García Couso
Alcaldesa do Concello de Melide

SAN ROQUE 2018

La Pegatina e David de María estrelas dun San Roque "variado e para todos"

Son as festas máis agardadas de todo o ano. Gran ambiente, verán, vacacións, encontros e sobre todo, troula, moita troula. Así se presentan este ano as celebracións do San Roque 2018, coas actuacións de David de María e La Pegatina como cabezas de cartel.

En palabras da alcaldesa da vila, Dalia García, "para Melide o San Roque é o seu gran escaparate; actúa como revulsivo de todos e cada un dos aspectos culturais, patrimoniais, musicais, familiares e incluso relixiosos que compoñen o compendio a través do tempo da nosa vila. Que dúbida cabe de que tamén é unha gran aposta polo comercio así como polo sector do ocio e da hostalería, incrementando nesa semana grande de festas a afluencia de visitantes".

Do cartel deste ano a rexedora municipal destaca que "volve a sorprender e a entusiarmar a milleiros de persoas que están pendentes do que a Comisión de Festas escollerá para deleitar a todos e cada un dos que se acheguen a Melide dende o 14 ata o 20 de agosto. As mellores orquestras de Galicia danse cita no cerne da nosa comunidade para presentar as súas novidades; visítannos as mellores bandas e, nos útlimos anos, ademáis das actuacións inamovibles como a música tradicional de Froito Novo ou a actuación da Coral Polifónica de Melide, súmanse ao cartel atraccións de primeiro nivel como La Pegatina ou David de María. É dificil superar o nivel ao que chegamos co San Roque, dado que a magnitude da fama das nosas festas reúne todos os ingredientes necesarios para a receta do éxito. O San Roque é o mellor embaixador da nosa vila".

Pola súa banda, entre as novidades Dalia García destaca que "nesta edición teremos un precursor, un Día do Río como petisco do San Roque o domingo inmediantamente anterior, para proseguir coa VII edición do Mercado Medieval".

Para a rexedora, "como melidense de orixe as festas de

San Roque levan sendo na miña vida o momento de reencontro familiar e de amizades na semana grande do meu pobo", e destaca que "como elemento coorganizador das festas, o Concello de Melide pon a disposición de todos os visitantes así como da Comisión de Festas do San Roque 2018 o mellor de si para que sexan uns festexos desenvolvidos dentro do civismo e do respecto".

Dalia García non se esquece da gran expectación que levanta o San Roque; "máis de 68.000 seguidores só a tres horas de colgar nas RRSS o cartel!", así como do alto índice de visitantes, fóraneos e propios, grazas aos que Melide se converte na vila que aglutina un dos eventos máis multitudinarios da contorna.

Nove días de festa con máis de 20 actuacións

O 12 de agosto comezarán as festas coa celebración do Día do Río, onde terá lugar como é habitual unha festa campestre na área recreativa do río Furelos con servizo de polbo e churrasco e coa animación musical da charanga Leña Verde e unha exhibición de zumba. Do 13 ao 15, terá lugar o sétimo Mercado Medieval polas rúas do casco antigo. Será o 14 cando actúe o grupo La Pegatina. O mércores 15, celebrarase o Día da Bicicleta, unha actividade para toda a familia. Destaca tamén a actuación da Coral Polifónica de Melide o propio día de San Roque, o 16 de agosto, e a orquestra París de Noia. O sábado 18 de agosto terá lugar outra das actuacións estrela deste ano, o concerto de David de María no Cantón de San Roque. Como fin de festa, o luns 20 de agosto celebrarase o Día do Neno ao carón do edificio Multiusos. As actuacións das orquestras e dos concertos terán lugar no Cantón de San Roque con entrada libre e gratuíta.

O proxecto da mina de Touro chega ao pleno de Melide

Membros da plataforma antimina expuxeron os riscos do proxecto ao PP, que votou en contra da moción presentada polo BNG

O Partido Popular de Melide rexeitou no pleno do mes de agosto apoiar a moción presentada polo BNG contra a reapertura da mina de Touro-O Pino, apoiada a día de hoxe por 37 concellos gobernados por diferentes formacións políticas. Na moción, que contou co voto a favor do PSdeG, solicitábase ao goberno local que trasladase á Xunta de Galicia o rexeitamento da corporación municipal de Melide a este proxecto, ademais de solicitar ao goberno galego a denegación da reapertura da actividade mineira e a obriga ao titular da concesión á restauración dos solos e das augas contaminadas pola anterior actividade.

Manifestación contra a mina o pasado mes de xuño en Santiago

Dende o PP xustificaron o seu voto en contra ao non estar de acordo con notificar dende a corporación local á Xunta o seu rexeitamento tanto á reapertura como á explotación da mina, e apelaron a súa responsabilidade como goberno local no cumprimento das leis.

Membros da plataforma antimina alí presentes tomaron a palabra ao remate do pleno para explicar á corporación a existencia de varios informes negativos deste proxecto derivados da propia Consellería do Medio Rural. "Explicámoslles que dende a Xunta xa dixeron que este proxecto así tal e como está é inviable, e aínda que lle dean un tempo á empresa para subsanar erros consideramos que hai cousas que non se poden subsanar, porque deixar unha aldea como a de Arinteiro con dúas balsas de lodos tóxicos –unha delas de 81 metros de altura segundo recolle o proxecto– a 200 metros das casas non ten pés nin cabeza", sinalou Obdulia durante a súa intervención como membro da Plataforma Mina Touro - O Pino Non.

"Tanto fomentar dende a Xunta o emprendemento da xente moza no rural, e o que fan con este proxecto é que os que vivimos aquí quedemos sen o noso modo de vida; é contradictorio, e ademais as vidas das persoas corren perigo, así llelo dixemos aos concelleiros. Serían eles capaces de vivir ao lado destas balsas que poden romper en calquera momento, e que non digan que se vai cumprir a lei porque iso non é certo, a día de hoxe, despois de 32 anos de pechar a anterior mina, seguimos tendo lodos daqueles tempos".

Dende o colectivo apuntaron que o feito de que o goberno de Melide apoiase ou non a moción "non ía servir para que se paralizase o proxecto, pero si para facerlle ver á Xunta que os concellos limítrofes a esta iniciativa tampouco a ven viable". Ao mesmo tempo agradeceron que se lles dese a palabra para explicar os danos que orixinará a reapertura da mina e amosaron a súa sorpresa ao coñecer que a moción "non fora debatida previamente no grupo municipal popular".

"As festas para o pobo, non o pobo para as festas"

A Asociación Cultural e Veciñal Melidá presentou a través das súas redes sociais unha campaña, non exenta de certa polémica, baixo o nome "As festas para o pobo, non o pobo para as festas" a desenvolver durante as celebracións do San Roque. Segundo explicaron na súa páxina de Facebook, "dende o 1 até o 31 de agosto este lema ondeará en ventás, portais, balcóns,escaparates... nunha saba grande ou nun cartel pequeno", co obxectivo, din, de "abrir un debate sobre a duración e a ubicación" dos festexos no centro de Melide, e "sobre as condicións de seguridade, ruído e limpeza"; aspectos que preocupan aos integrantes da asociación. Convén sinalar que as festas do San Roque non sempre se organizaron tal e como as coñecemos na actualidade, de feito, foi no ano 1991 cando por primeira vez se cortou a estrada nacional para que tocasen as orquestras, procedendo así a un cambio nos espazos que perdurou ata hoxe.

Os socialistas levarán ao Parlamento de Galicia as deficiencias no servizo de atención pediátrica

Balado, Rodríguez e Prado durante a rolda de prensa

Os socialistas de Melide van rexistrar no Parlamento de Galicia unha batería de iniciativas demandando "calidade no servizo de pediatría" debido a que, "ao igual que na maioría dos concellos do rural galego", en Melide este servizo tamén "presenta deficiencias importantes". Segundo explicou a deputada socialista Begoña Rodríguez Rumbo, "é certo que a atención pediátrica non é suficiente, sobre todo no verán, porque moitos profesionais teñen que atender varios centros e a lista de espera é de ata 15 días, por iso", insistiu, "é importante que os afectados reclamen por escrito, para ter constancia da problemática". A deputada socialista engadiu que o feito de presentar unha reclamación "non significa ir en contra dos profesionais, senón demandar mellores servizos e máis recursos".

O anuncio desta medida tivo lugar aproveitando a rolda de prensa que, xunto a Begoña Rodríguez, ofreceron a coordinadora comarcal do interior coruñés, Begoña Balado, e o voceiro do PSdeG no concello de Melide, José Prado, para dar conta das iniciativas da comarca que foron levadas ao Parlamento no período de sesións que vai do 15 de xaneiro ao 15 de xullo. No que se refire a Melide, as iniciativas rexistradas foron en relación á construción do centro de saúde, ás deficiencias no camiño de Santiago, á superficie esgotada do polígono da Madanela e ao centro de FP. Cabe salientar que tamén presentaron unha iniciativa relacionada coa parálise da concentración parcelaria no municipio de Santiso.

Melide contará cun arquivo histórico municipal

O Concello de Melide estreará nos vindeiros meses un arquivo histórico municipal que se situará nos baixos da Casa da Cultura e albergará os fondos máis antigos do organismo local. Desta maneira, os documentos do Concello de Melide máis actuais situaranse na casa consistorial e os máis arcaicos trasladaranse a este novo emprazamento que se converterá nun arquivo histórico municipal, solucionando así "os problemas de espazo" existentes na Casa do Concello", explicou a alcaldesa, Dalia García. Dende comezos do mes de xullo o Concello de Melide conta para este traballo coa figura dun arquiveiro bolseiro que levará a cabo labores de reorganización co obxectivo último de encamiñar ao ente local cara a administración electrónica.

Videovixilancia no Palacio de Congresos

O Palacio de Congresos e Exposicións de Melide conta dende hai unhas semanas coa instalación de varias cámaras de videovixilancia co obxectivo de velar pola seguridade do parque infantil, as dúas pistas de pádel e os vehículos municipais que se atopan no seu interior. Trátase dunha medida adoptada polo goberno local para conservar en plenas condicións as instalacións que alberga o recinto, despois de detectar que "en momentos puntuais" téñense producido algúns malos tratos ao mobiliario, como por exemplo nos baños públicos. "Queremos instar de novo ao civismo, xa que se trata de instalacións moi demandadas polos veciños que cun bo uso poden ser gozadas por toda a veciñanza", explicou a rexedora da vila.

Comezan as obras para dotar dunha senda peonil á parroquia das Cazallas

As tan esperadas obras na parroquia das Cazallas, que consistirán na mellora da pavimentación e na creación dunha senda peonil, deron comezo por fin a finais do mes de xullo despois dun "arduo proceso administrativo que por dificultades alleas ao Concello de Melide levou máis tempo do establecido, pois a obra foi adxudicada á sexta empresa das corenta que había", explicaron dende o goberno local.

Este proxecto, que ten un orzamento de licitación de case 107.000 euros, mellorará a pista de acceso ao núcleo das Cazallas pola marxe dereita da AC-840 en dirección A Coruña, xunto co acondicionamento da vía no lugar de Castro e Cabanelas. Ao mesmo tempo, dotará dunha senda peonil a zona.

Tamén se actuará na vía que comunica as parroquias de Cazallas e Os Ánxeles

Cazallas - Os Ánxeles

Por outra banda, tamén se aprobou en Xunta de Goberno Local a adxudicación das obras de mellora na vía que comunica as parroquias de Cazallas e Os Ánxeles.

O Concello de Melide, actuará dende o ramal de Garceiras ata o núcleo das Cazallas, onde se atopa o emprazamento da igrexa da zona. Este ramal, comunica directamente coa DP-4604, que é utilizado cada día por numerosos veciños e veciñas para o seu acceso á parroquia dos Ánxeles. A estrada provincial DP-4604 que comunica o casco urbano de Melide co Concello de Toques é ademais unha vía moi transitada na actualidade por numerosas persoas para realizar andainas durante o seu día a día.

As obras consistirán na pavimentación en aglomerado en quente neste treito que enlazará coa senda peonil e a reforma integral do núcleo da parroquia de Cazallas.

Os traballos, que contan cun orzamento de 60.414 euros sufragados con fondos propios, iniciaranse a finais do mes de agosto.

O PSOE considera que Melide leva "perdidas dúas lexislaturas" en materia de urbanismo

O voceiro socialista de Melide, José Prado, amosouse totalmente de acordo coas palabras do Presidente da Xunta de Galicia cando este, o pasado xoves día 26 despois de aprobar o Plan Básico Autonómico en materia de urbanismo, afirmou que "un concello con maioría absoluta que non aproba o seu plan simplemente perdeu a lexislatura".

Prado recolleu as palabras do presidente autonómico para sinalar que "este é o caso real e concreto de Melide, que non perdeu unha, senón dúas lexislaturas, posto que dende o ano 2011 que goberna o PP non fixo nada para que Melide dispoña dun PXOM pese a levalo en diferentes programas electorais".

Dende o PSdeG-PSOE de Melide consideran que é "urxente" un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal para o municipio, pois o urbanismo na vila está a rexerse polas normas subsidiarias do ano 1994.

"Nos últimos anos presentamos numerosas iniciativas para que o goberno local fixese o que debe, pero sen ningún resultado positivo, tendo que escoitar variadas desculpas que só representan a falta de vontade de solucionar un problema urxente".

No último pleno ordinario celebrado, dende o grupo socialista preguntaron de novo por esta cuestión. A resposta por parte do Concello foi a mesma de sempre: "dámonos por enterados".

Arrancan os traballos de reposición da rede de pluviais da estrada AC-840

As obras de mellora da rede de pluviais da Estrada AC-840 ao seu paso polo centro urbano de Melide xa están en marcha. Inícianse así uns traballos que permitirán mellorar os caudais e os saneamentos da vila, diminuíndo as inundacións que se producen, sobre todo, nesta zona. A Xunta de Galicia adxudicou as obras de reposición cun investimento de máis de 196.000 euros. O prazo de execución será de 9 meses.

Melloras nos accesos ao núcleo de Furelos

Iniciáronse os traballos de mellora nas pistas que dan acceso á parroquia de Furelos. As obras consisten na pavimentación de tres pistas que dan acceso ao núcleo desta parroquia; unha será a que vai dende a N-547 ata a propia aldea, outra a que une o Campamento Xuvenil coa coñecida ponte medieval, e a terceira a que vai dende a estrada vella de Furelos ao núcleo da aldea.

Melloras en accesos a seis núcleos máis

Dentro deste proxecto para mellorar os accesos aos núcleos das parroquias tamén se contemplan traballos para unha accesibilidade óptima dende a estrada provincial 4303 ao Muíño de Catasol, o acceso a Penas, preto do Camiño de Santiago, e tamén os accesos a Vitiriz, Moldes, San Martiño das Varelas e a pista de Cazallas que une con Castro. As obras nestas nove pistas teñen un presuposto adxudicado de aproximadamente 70.000 euros.

Reforzo na seguridade e pavimentación en doce rúas do centro urbano

Nos vindeiros días iniciaranse tamén os traballos de reparación na pavimentación, seguridade viaria e rede de pluviais dun total de 12 rúas do casco urbano de Melide, que contribuirán á mellora urbanística de varias áreas do municipio. As actuacións tamén contemplan o reforzo da sinalización e das beirarrúas. As vías nas que se executarán os traballos son Armando Catarelo e Moldes, Alcalde Juan Mera Somoza, Euskadi e Madrid, rúas Jesús López, Consuelo Varela López e Hnas Morate Fdez, Alcalde Ricardo Fdez Camoiras, Alcalde Antonio Souto, Alcalde Sabino, rúa Norte e rúa Antonio Prado Díaz.

Dende o Concello instan aos veciños a manter as súas fincas limpas de maleza

Dende a Concellaría de Medio Ambiente do Concello de Melide fixeron un chamamento á responsabilidade dos veciños e veciñas de Melide para que manteñan os seus soares limpos de maleza, sobre todo nestes meses de verán nos que as altas temperaturas poden provocar incendios. O incumprimento desta norma implica sancións económicas e, ademais, serán os propietarios dos terreos os que teñan que asumir o custo dos traballos de limpeza no caso de que sexa o Concello quen os realice. Pola súa banda, dende o consistorio estanse a realizar labores de desbroce en 26 parroquias da vila.

Malestar no goberno de Toques tras serlles denegadas catro axudas da Xunta

"Estamos un pouco decepcionados", así se amosou o alcalde de Toques, Miguel Buján, tras coñecer que lle foran denegadas unha serie de axudas que dende o Concello solicitaron á Xunta de Galicia para "atender necesidades básicas do municipio".

O rexedor refírese á convocatoria dunha liña de axudas para obras de mellora de infraestruturas e equipamentos municipais publicada no Diario Oficial de Galicia o pasado venres 4 de maio.

Segundo se establecía, o criterio de reparto era o de que as recibirían os primeiros que as solicitasen a partir do día seguinte, pese a ser un sábado. Aberto o prazo ás doce da noite do sábado 5 de maio, as axudas dispoñibles esgotáronse en pouco máis de 12 minutos.

"Solicitamos catro axudas; unha para o arranxo dun camiño, outra para a recuperación dun espazo degradado e realizar unha actuación no lugar de Cimadeviila, en Oleiros; tamén acudimos ao fondo de compensación ambiental para a adquisición dunha cisterna coa que poder realizar labores de mantemento nas fosas sépticas e facer traballos de limpeza nos sumidoiros; e outra para a adquisición dun vehículo Pick up no que poder trasladar á brigada coa que contamos, e todas nos foron denegadas", aclara Buján.

O malestar no goberno de Toques é maior se cabe ao considerar que cumprían con todos os requisitos e que a contía total das achegas solicitadas, adxudicadas en tempo récord, "non era excesivamente alta", pois entre as catro non sumaban os 120.000 euros. "Para o camiño solicitamos 50.000 euros, para o arranxo do lugar sobre uns 12.000 euros, para a compra da cisterna 17.000 e para o vehículo Pick up uns 38.000; todas son cifras accesibles", indicou.

O alcalde de Toques insistiu en que "foi unha decepción para nós porque non eran caprichos; para un municipio como o de Toques eran axudas que ían destinadas a cubrir necesidades básicas para o correcto funcionamento do Concello. Se temos un problema cun incendio non dispoñemos de cisterna coa que poder acudir, se queremos limpar un sumidoiro non dispoñemos de medios, se necesitamos un vehículo para a brigada de peóns non temos onde desprazalos, e isto son necesidades básicas en calquera concello".

Compromiso de Medio Rural

As obras e infraestruturas previstas terán que agardar agora a unha nova convocatoria de axudas, coa consecuente paralización que iso supón para os proxectos do municipio. Non obstante, aproveitando unha reunión en San Caetano o pasado mes de xullo coa conselleira do Medio Rural, o rexedor toquense trasladoulle a Ángeles Vázquez o seu descontento pola denegación das subvencións, sendo a mandataria galega quen se comprometeu a buscar vías alternativas para poder levar a cabo algún dos proxectos que non contaron con axuda.

Aprobado o acordo de reestruturación parcelaria da zona de Grixalba, en Sobrado

Unha das moitas reunións informativas que tivo lugar sobre o proceso de concentración parcelaria en Grixalba (Foto: CS)

O Diario Oficial de Galicia publicou a aprobación do acordo de reestruturación parcelaria da zona de Grixalba, no concello de Sobrado. Este paso supón a determinación dos predios de reemplazo cos novos titulares, coa superficie resultante da reorganización e coa nova clasificación da terra. Neste caso, trátase da reorganización de 6.619 parcelas que pasan a ser 1.305 predios pertencentes a 682 propietarios. Con este anuncio ponse en coñecemento dos veciños, que serán notificados individualmente, a apertura dun prazo de 30 días hábiles de exposición pública do acordo, o cal poderán examinar no Concello de Sobrado e ante o que poderán interpoñer recurso de alzada. Os documentos que se poden examinar refírense aos predios de substitución, onde constan as situacións xurídicas derivadas das parcelas de procedencia, as fichas de atribucións e os planos, entre outros. Lévanse investido dende o inicio da reestruturación 1,9 millóns de euros que se destinaron na súa meirande parte á execución da rede de camiños e a investimentos en servizos técnicos.

Santiso mellora a súa rede viaria con 93.500 euros da Deputación

O alcalde, Manuel Adán, e o deputado, Xesús Soto, durante a sinatura do convenio (Foto: DC)

Nun período máximo de seis meses os veciños de Santiso contarán con varios quilómetros de rede viaria arranxada. Así o asinaron o deputado e responsable da área de Contratación, Patrimonio e Equipamento da Deputación da Coruña, Xesús Soto, e o alcalde do Concello de Santiso, Manuel Adán, mediante un convenio de colaboración polo que a institución provincial achegará 93.500 euros para acometer melloras en case dous quilómetros de estradas do municipio. Entre as actuacións previstas, unha no camiño ao Castro no cruce con Reboredo, e tamén o acceso ao lugar de Vimianzo. En ambos os dous casos o proxecto técnico inclúe a reparación das fochancas presentes na calzada e a mellora da capa de rodaxe. Ademais, as obras abordarán a limpeza de cunetas e o perfilado de mordentes con grava. A Deputación da Coruña sufragará así o 80% dunha actuación valorada en 116.875 euros.

O Plan Único da Deputación acada os 182 millóns de investimento no bienio 2017-2018

O pleno da Deputación da Coruña aprobou a finais do mes de xullo un expediente modificativo de créditos para incorporar 16 millóns máis ao POS+2018, que alcanza un orzamento récord de 92 millóns de euros este ano. A esta cifra hai que sumarlle os 90 millóns de euros de orzamento total do POS+2017. As achegas do Plan Único permitirán realizar preto de 800 obras nos 93 concellos coruñeses e reducir a súa débeda en 9,5 millóns de euros. Por concellos, a distribución na comarca queda da seguinte maneira:

CONCELLO	2017	2018	2018 INCORPORACIÓN REMANENTES	TOTAL 2018	TOTAL 2017 + 2018
MELIDE	1.249.533,41€	1.071.491,62€	225.577,18€	1.297.068,80€	2.546.602,21€
SANTISO	722.260,26€	607.452,08€	127.884,65€	735.336,73€	1.457.596,99€
SOBRADO	845.518,18€	709.285,81€	149.323,33€	858.609,14€	1.704.127,32€
TOQUES	633.843,41€	533.217,52€	112.256,32€	645.473,84€	1.279.317,25€

Melloras en dous locais sociais de Santiso con case 81.500 euros da Deputación

O PP recriminoulle ao alcalde que non fosen convidados á inauguración, á que si asistiu o presidente provincial

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, xunto ao alcalde de Santiso, Manuel Adán, inauguraron o local social de Visantoña tralas melloras levadas a cabo con fondos provinciais do Plan de Acción Social. En total, o investimento da Deputación foi de 81.405,96 euros repartidos entre o local social de Visantoña e o de Arcediago.

Á inauguración tamén asistiron numerosos veciños (Foto: DC)

No caso de Visantoña, entre as melloras realizadas destacan a demolición ou desmontaxe daquelas partes do inmoble imposibles de recuperar para o seu uso, como os falsos teitos continuos de pranchas de escaiola, sanitarios e cuartos de baño, particións e instalacións, ademais da reposición de elementos como os vidros das carpinterías.

Pola súa parte, en Arcediago tamén se levaron a cabo melloras no local social, reconvertido agora nunha área recreativa situada ao carón do río Furelos. Neste senso, as obras efectuadas transformaron o local nun espazo de ocio para os veciños máis dinámico e adaptado ás persoas discapacitadas. Así, modificáronse as carpinterías interiores e os sanitarios, ademais doutras instalacións que tamén estaban afectadas. Tamén se procedeu á execución de novas particións e acabados e á restauración do material de remate das fachadas.

Formoso destacou que "as actuacións que se levaron a cabo permitiron a adecuación do local para o seu uso como un espazo de encontro para os veciños onde celebrar actuacións musicais e representacións teatrais, coloquios, charlas, reunións informativas ou calquera outra actividade similar".

Enfado nas filas do PP

En relación á inauguración do local social de Visantoña, a voceira do grupo municipal do Partido Popular de Santiso, Matilde Pallares, recriminoulle ao alcalde que non convidasen ao PP á inauguración. Pallares cualificou de "sectario" e de "pouco elegante" que o alcalde "non tivese en conta aos tres concelleiros populares á hora de facer as invitacións para a inauguración".

Tres empresas da comarca recibirán fondos europeos de desenvolvemento rural

En Melide as axudas permitirán converter a Casa das Coles nun museo

A xunta directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo aprobou as axudas para a convocatoria 2018-2019, que supoñen un total de 741.000 euros.

Do total das axudas destinouse o 35% a proxectos non produtivos dos que, Toques e Santiso, foron os concellos beneficiados.

En Santiso os veciños de Pezobrés serán os promotores do seu propio centro social, para o que teñen un presuposto de 36.000 euros, e unha axuda de algo menos da metade. En Toques construirase tamén un centro multifuncional dedicado, sobre todo, á acción social e á protección das persoas en risco de exclusión. A construción do edificio supón un orzamento de 345.000 euros, dos cales, o GDR financiará un 23%.

No ámbito das axudas a entidades públicas, este ano aprobouse un proxecto de rehabilitación dun edificio singular no Centro de Melide, a Casa das Coles, que será convertida nun museo do Camiño de Santiago a través da gastronomía. Para a rehabilitación do edificio hai un orzamento de 234.000 euros, dos cales o GDR financiará un 78%, (144.000 euros).

Pero a maior parte do presuposto anual do GDR está destinado á creación ou ampliación de empresas e, neste apartado, son seis as subvencionadas; tres delas na comarca. Destas tres, dúas son proxectos de aloxamento no Camiño Norte no concello de Sobrado. Así, unha das empresas compaxinará a actividade turística coa agrícola, dedicándose ao cultivo de shiitake en tronco, que comercializará con marca propia; e a outra será unha empresa familiar que combinará aloxamento con actividades de animación. Destaca tamén no concello de Santiso unha granxa que levará a cabo un proxecto de eficiencia enerxética mediante a colocación de paneis solares, cunha inversión de 5.000 euros.

O presidente do GDR, Ovidio Leiva, amosouse "satisfeito coa calidade dos proxectos presentados", aínda que recalcou "o sabor agridoce" que lle produciu o feito de "non poder subvencionar o 50% dos proxectos que contan con informe favorable por falta de fondos".

A Deputación inviste 62.000 euros en arranxos no Mosteiro de Sobrado

A Deputación da Coruña investirá 62.065 euros nas obras de reparación integral da cuberta do claustro de peregrinos do mosteiro de Sobrado. Así o asinaron, a través dun convenio, o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o prior da orde cisterciense de Santa María de Sobrado, Carlos Gutiérrez Cuartango. O proxecto consistirá na reparación das cubertas das alas sur, leste e oeste do claustro, que presentan un elevado grao de deterioro debido ao paso do tempo e á falta de mantemento, e que supoñen un perigo evidente polo continuo desprendemento das tellas nun lugar cunha afluencia constante de visitantes. Ademais, o mal estado da actual cuberta produce filtracións de auga no interior do mosteiro que se resolverán unha vez completados os traballos. As obras teñen un prazo de execución de dous meses.

Posta en valor de A Ciadella

O sábado 18 de agosto organízase unha ruta de sendeirismo polo Campamento Romano de A Ciadella, en Sobrado dos Monxes. Sairase ás 10.00 horas da Praza de Sobrado e, ao longo duns 15 km, pasarase pola Igrexa da Ciadella, o campamento romano e un treito do Camiño de Santiago. Ás 16.30 horas ademais, haberá unha visita guiada ao Mosteiro de Sobrado.

Festival Espazos Sonoros

Por outra banda, o Festival Espazos Sonoros 2018 estará presente no Campamento Romano de A Ciadella o domingo 2 de setembro ás 17:00 horas. A formación musical encargada da actuación será Sax Antiqua e, antes do concerto, levarase a cabo unha visita guiada contextualizadora do Campamento.

O Concello de Toques aborda coa Xunta a prevención dos incendios

Reunión entre Miguel Buján e Ángeles Vázquez (Foto: XG)

O alcalde de Toques, Miguel Buján, reuniuse en Santiago coa conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, para abordar cuestións relacionadas coa loita contra os incendios forestais e as posibilidades de incrementar a súa colaboración. Vázquez sinalou que Toques ten subscrito o convenio de prevención e extinción coa Consellería, o que lle permite dispor de brigadas e recibir achegas polas hectáreas de superficie rozada. A través deste acordo, Medio Rural achegará este ano 34.340 euros ao municipio.

Pola súa parte, Miguel Buján expúxolle á conselleira a problemática existente coa Rede Natura no municipio de Toques, e que afecta aos veciños con terreos incluídos nesta Rede limitando o desenvolvemento normal da súa actividade. "A conselleira amosouse sensible ante este tema e tratamos outros como a loita contra os incendios, ademais de adquirir o compromiso de Ángeles Vazquez de concederlle unha axuda no último trimestre ao Concello de Toques para facer o camiño de Castro Cardelle - Villamor", apuntou Miguel Buján. En relación á loita contra incendios cabe destacar que dende o concello de Toques están a levar a cabo unha intensa campaña de información sobre a limpeza nos montes para cumprir coa normativa contra os incendios forestais. "Publicamos un mapa con información en cada Lugar do concello, 90 en total, sinalando as franxas de protección e o que debe limpar a xente para dar cumprimento á lei. Estamos desbrozando nestes momentos e tamén temos unha brigada de catro peóns limpando", dixo o alcalde.

marmolería melide

OTROS TRABAJOS

- Fachadas ventiladas
- Fachadas Sate
- Fachadas de piedra, granito, dektom o Tecklan
- Fachadas y muros de perpiaño
- Columnas, balaustres

ESPECIAL BAÑOS

- Sustitución de bañera por plato de ducha
- Platos a medida. Fabricación propia
- Paredes sin juntas con formato grande de 'Techlan' o 'Dektom'

¡¡¡¡Recuerda, elimina tus viejos azulejos por los nuevos formatos sin juntas!!!!

TRABAJOS EN CEMENTERIO

- Revestimientos de nichos
- Grabado de placas
- Chapas de acero
- Letras de acero, bronce y porcelana

ESTAMOS EN:

Parque Empresarial La Madanela, Parcela 42
15.800 MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 505 518
Fax.: 981 505 518
e-mail: marmolmelide@gmail.com

DUSA

para su vivienda o negocio

Ancéis, 34
15181 CAMBRE (A Coruña)
M. 636 56 44 07 T./F. 981 67 63 97
dusagalicia@dusagalicia.com

www.dusagalicia.com

Elaborados Metálicos



Estructuras - Naves - Escaleras - Caldelería - Entreplantas

Multimarca

Melicar

www.melicar.com

981 50 76 25 - 695 19 81 70
melicar@melicar.com

Pol. Ind. A Madanela, nave 5
15800 MELIDE (A Coruña)

MOTOR MELIDE SPORT

www.motormelide.com

TRANSPORTES J. ZAS

trzas@hotmail.es / Tlf. 649 876 451
LUGO

TRANSPORTE DE ANIMALES VIVOS

NUTRIPOR

NUTRIMENTOS PORCINOS, S.A.

POL. MADANELA, PARC. 18-19
15800 MELIDE - A CORUÑA
TEL. 981506470 FAX. 981506471
comporsl@telefonica.net

TOQUES
Panadería
Pastelería
Cafetería
- Especialidad en empanadas y tartas variadas
- Pollos asados para llevar

Avda. de Lugo, 31 - Melide (981 50 51 81) / Souto - Toques (981 50 48 80)

RECAMBIOS SANDO
JUAN JOSÉ SEGADE VILAR
Continental
Gulf
TOTAL
LUK
TRW Automotive

Tfnos.:
981 50 54 19
659 36 78 60
Avda. de Lugo, 4 bajo B
15800 Melide (A Coruña)
sandomelide@hotmail.com
De onte, de hoxe e de sempre
Todo para o teu coche

FLEX
ESPECIALISTAS EN DESCANSO
ASPIRACIÓN 'RAINBOW'

ElectroSan
C/ Martagona, 13
MELIDE
981 50 79 64
electrosanmelide@gmail.com
Electrosan

garcíasomoza
CLÍNICA DENTAL

www.garciasomoza.es

SORRÍ. SABOREA. DALLE UNHA DENTADA Á VIDA.

NON QUEDES CAS GANAS

ODONTOLOXÍA ORTODONCIA PERIODONCIA ENDODONCIA IMPLANTES PRÓTESIS

AVDA DE LUGO 4, 1ºDCHA - 15800 MELIDE (A CORUÑA)
981 505 527
Rexistro Sanitario: C-15-000608

REPÚBLICA DE EL SALVADOR 30, 1ºB - 15701 SANTIAGO
981 598 886
Rexistro Sanitario: C-15-000655

Os ritmos latinos invadiron Melide co I Festival SBK Camiño de Santiago

De éxito rotundo; así podería cualificarse o primeiro Festival e Concurso SBK Camiño de Santiago celebrado en Melide, e que tivo como protagonistas aos bailes latinos salsa, bachata e kizomba.

A iniciativa, que estivo organizada pola Asociación de Mulleres Rurais Alecrín en colaboración co Concello de Melide, reuniu na vila a artistas da talla da parella formada por Alex e Ornella, esta última campioa do mundo na súa modalidade de salsa, ademais doutros profesionais de renome como Xurxo e Reyes, de Vigo; Diogo e Ana, de Braga; ou Lionel e Debby, de Ponferrada.

Ao longo de toda unha fin de semana, na praza do Convento e no edificio multiusos de Melide sucedéronse diversos talleres de iniciación e avanzado tanto para os amantes do baile como para todos aqueles que quixeron aprender un pouco máis sobre estes ritmos latinos.

Foto: Turismo Melide

A salsa, a bachata e a kizomba chegaron a todos os recunchos da vila

I Concurso de bailes latinos Camiño de Santiago

Na xornada do sábado tamén se celebrou nunha ateigada Casa da Cultura o primeiro Concurso de bailes latinos. Dende a organización destacaron o poder de convocatoria conseguido sobre todo entre a xuventude, "un público que normalmente é difícil de atraer ás actividades". "O festival congregou a case 1.000 persoas de distintas partes de Galicia, Castela e León, Asturias e ata un autobús cheo de bailarins chegado dende Portugal", sinalaron dende Alecrín.

Entre os obxectivos do festival, divertir á xente, atraer público a Melide e dar a coñecer a actividade de bailes latinos que realizan na asociación. Visto o éxito acadado, dende a organización xa preparan vindeiras edicións coa intención de converter a Melide nun referente neste tipo de certames.

A Asociación de Mulleres Rurais Alecrín retomará en setembro as súas clases de bailes latinos, polo que todas aquelas persoas que estean interesadas en apuntarse só teñen que poñerse en contacto coa entidade a través do teléfono 699 120 465.

Lembranza ás familias da América Latina no IV Festival de Habaneras

Vai camiño de converterse nunha das citas máis concorridas de Melide coa música das habaneras como protagonista. O Festival de Habaneras "Camiño de Santiago" celebrou este ano a súa cuarta edición coa participación da Coral Casino da Coruña, a Coral Polifónica Padronesa, a Coral Ureca de Vigo e, por suposto, a Coral Polifónica de Melide.

Actuación da coral de Melide durante o festival de Habaneras

O mal tempo fixo que o evento tivese que ser trasladado da Praza do Convento á Casa da Cultura, un espazo que para nada desluciu a actuación de cada unha das agrupacións.

Ante un auditorio completamente cheo as corais interpretaron o seu repertorio que, no caso da Coral Polifónica de Melide, realizou un percorrido polas habaneras da América Latina. A presidenta da agrupación local, Imma Castro, lembrou a todas aquelas persoas que fuxían a finais do século XIX e principios do XX cara a América Latina, dedicándolle o festival a todas as familias que quedaron en países como Cuba ou Brasil, entre outros.

Tralo éxito acadado nesta cuarta edición, a vindeira cita será o concerto do día 16 de agosto na Casa da Cultura, onde a Coral Polifónica de Melide interpretará un amplo repertorio dentro da programación das festas do San Roque.

Longa traxectoria

A Coral Polifónica de Melide naceu no ano 1982 baixo a dirección de Andrés Sampayo Sixto e debutou durante as Festas do San Roque. Foi no ano 1991 cando comezou a levar a súa música polas vilas e cidades de Galicia e de España e Portugal.

Furelos retornou ao 1900

A parroquia de Furelos viaxou por cuarta edición ao ano 1900. En pleno Camiño de Santiago, veciños e visitantes recrearon a vida e os oficios da época, como o latoeiro, a mestra ou a costureira. Non faltou a feira de artesanía, a música, os xogos populares e ata un obradoiro de ricos para os máis pequenos.

Verán "Educa Melide"

Rematou a primeira edición do campamento organizado por Asetem a través da campaña Verán Educa Melide e, para despedilo, ademais dunha bolsiña con larpeiradas, cada participante recibiu un puzzle sobre a fauna e a flora da comarca e contorna elaborado polo GDR Ulla Tambre Mandeo.

Os doces de Melide viaxan á Toxa

Os doces da Asociación de Repostería Tradicional de Melide 'Melide Terra Doce' foron protagonistas nunha xornada que o Consello Regulador de Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia ofreceu no Casino La Toja. Melindres, amendoados e ricos harmonizaron o seu sabor con diferentes destilados.

Coloquio sobre o Camiño

O Camiño Portugués Interior de Santiago de Compostela é un importante patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. En base a isto, Melide acolleu unha charla coloquio para coñecer máis en profundidade o Camiño Portugués a través de diferentes puntos de vista como o institucional, o investigador ou o turístico. Durante o debate, que estivo conducido polo profesor e investigador Santiago Prado; e no que participaron a alcaldesa de Melide, Dalia García; e o Xerente do Xacobeo, Rafael Sánchez, entre outros, expuxéronse as últimas investigacións deste percorrido transfronteirizo. Paralelamente, a Casa da Cultura abriu ao público a exposición "O Camiño Portugués Interior de Santiago de Compostela"; un traballo que forma parte do proxecto I&D "Patrimonio Cultural da Euro-Rexión Galiza-Norte de Portugal, Geoarpad".

A IGUALDADE DE XÉNERO NO DEPORTE

O pasado 24 de xullo a campaña da Deputación da Coruña "Conquista os elementos" aterrou na Casa da Cultura de Melide. A iniciativa, consistente nun vídeo fórum, tivo como obxectivo reflexionar sobre a igualdade de xénero no deporte. Para iso contouse coa presenza de dúas relatoras de excepción; Tania Fente, árbitra internacional, e Patricia López, unha deportista campioa de elite en varias disciplinas que agora xoga ao fútbol no Rc Deportivo Abanca. Na súa intervención as deportistas explicáronlle aos presentes as súas experiencias como mulleres na elite do deporte, ao mesmo tempo que se promoveu un intercambio de información deportiva dende a perspectiva da linguaxe escrita e icónica, que elimine os estereotipos e sexa quen de xerar referencias acordes á competencia deportiva feminina. A actividade xerou un espazo de debate e reflexión sobre a necesidade de reivindicar o papel das mulleres no deporte así como de fomentar o deporte de base e o de elite. Ao acto acudiron os rapaces dos campamentos urbanos do Concello de Melide, así como persoas de diferentes asociacións da vila, escolas deportivas e veciños.

I CAMPUS DEPORTIVO DO CONCELLO DE TOQUES

Un total de quince rapazas e rapaces participaron no primeiro Campus Deportivo do Concello de Toques; unha actividade lúdico-educativa que, tomando como emprazamento as instalacións deportivas de Souto, tamén contou con saídas en bicicleta pola contorna e saídas complementarias para realizar actividades como kayak ou sendeirismo na Praia Fluvial de Tapia (Ames); vela no Club Náutico de Sada; ou os circuítos arbóreos do Eco-parque de multiaventura en Marín. Os participantes tamén tiveron tempo para estadías de corta duración na praia e charlas de diversa temática; por exemplo de "descensos de carrilanas" ou sobre educación viaria, a cal se aplicou ao desprazamento en bicicleta. Ademais, no día a día os participantes xogaron a multitude de modalidades deportivas: tenis, fútbol sala, tenis de mesa, baloncesto, bádminton, carreiras, natación... En resumo, catro semanas de completa diversión e entretemento co deporte, o xogo e o exercicio físico como nota predominante.

O 24 DE AGOSTO, FINAL DO XXXVIII TORNEO DE FÚTBOL SALA CONCELLO DE MELIDE

Xa está en marcha a trixésimo oitava edición do Torneo de Fútbol Sala Concello de Melide que cada verán organiza o Cire. Dende o 1 de agosto os equipos participantes nas distintas categorías están a competir por chegar á final e, sobre todo na categoría sénior, por facerse con algún dos premios en metálico reservados para eles: 600 euros para o campión e 300 para o segundo clasificado. Tamén hai competición nas categorías feminina, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete. A entrada aos partidos, que se disputan no pavillón municipal, é gratuíta agás o día da final, que será o venres 24 de agosto ás 23.00 h., onde se cobrarán 2 euros.

MÁIS DE 100 NENOS NOS CAMPAMENTOS DE SANTISO

Un verán máis o campamento para os nenos e nenas do concello de Santiso superou todos os récords de participación coa asistencia de 106 cativos. Ao longo de varias semanas os máis pequenos puideron gozar de distintas actividades como actuacións musicais, de maxia, obradoiros, xogos, actividades acuáticas na piscina, etc. Dende a concellería de Cultura quixeron agradecer o traballo realizado por todos os profesionais e, sobre todo, a presenza e participación dos nenos en cada unha das actividades realizadas.

OS IRMÁNS AYUDE, NA ELITE DO KICKBOXING

Guadalaxara acolleu a elite do kickboxing nacional na categoría absoluta xuntando a 800 deportistas. Galicia estivo representada coa presenza dos irmáns Ayude, Cora e Aron, da Escola Ayude de Santiso, que conseguiron os 4 ouros aos que optaban na categoría de pesos pesados e nas probas de Pointfight e Kicklight. A clasificación dos irmáns Ayude serviu para outorgarlle a Galicia a segunda praza por seleccións. Os resultados obtidos danlles praza para formar parte do equipo nacional que representará a España no campionato de Europa a celebrar o vindeiro mes de novembro na cidade de Meribor (Eslovenia).

XIV XORNADAS DE LIMPEZA DO RÍO FURELOS

Como de costume, a Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide organiza un ano máis unhas xornadas de limpeza polo río Furelos que, este ano, acadan a súa décimo cuarta edición. Terán lugar os sábados 25 de agosto e 1 e 8 de setembro. O tramo a limpar abrangue uns 9 quilómetros de río incluíndo zonas do municipio de Toques e tamén de Melide como a ponte romana. As xornadas están abertas á participación de todos os voluntarios que queiran acudir e para iso só terán que anotarse a través do teléfono da asociación (696 60 73 48), ou do enderezo electrónico (asociacion-troiteiros@gmail.com). De todos os xeitos, aquelas persoas que non se apuntasen e desexen participar, poderán facelo presentándose o propio día ás 9 da mañá na praia fluvial de Furelos, lugar de onde se partirá unha vez realizada a distribución dos grupos e treitos a limpar. Cada xornada desenvolverase de 9.00 a 13.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas, cunha parada ao mediodía para xantar, todo a cargo da asociación. Dende o colectivo de troiteiros pídenlle aos voluntarios que acudan con roupa e calzado cómodo e vello para meterse polo río. Os guantes serán proporcionados pola asociación.

SANTISO
VISANTOÑA
2018
SAN AGUSTÍN
martes 28 agosto
Misa solemne á 1 cantada pola CORAL POLIFÓNICA DE SANTISO.
Pasarrúas e vermú: CHARANGA OS AMIGOS e
BANDA DE MÚSICA DE VISANTOÑA
Verbena coas ORQUESTRAS:
CLAXXON
NEW YORK
Á 1 da madrugada GRAN SESIÓN DE FOGOS DE ARTIFICIO.
mércores 29 agosto
Misa solemne á 1.
Pasarrúas e vermú: CHARANGA SANTA COMPAÑA e
BANDA DE STA. CRUZ DE RIVADULLA
Verbena coas ORQUESTRAS:
PARIS DE NOIA
PANORAMA
CAMPO CUBERTO CON CARPA.
CARPINTERÍA-EBANISTERÍA Visantoña, s.l.
J. SESTO EXCAVACIONES
Muebles VISANTOÑA, s.l.
FÁBRICA DE TAPICERÍA ALMACÉN DE MUEBLES
ANGEL SEOANE s.l.
MELIDE - MONTERROSO
Tfno.: Móvil: 617 38 48 60

Muebles
VISANTOÑA, s.l.
FÁBRICA DE TAPICERÍA
ALMACÉN DE MUEBLES
Tfno.: 981 51 07 13 - 15809 VISANTOÑA - Santiso (A Coruña)

Mesón Visantoña
> Comida caseira
> Bocadillos, pizzas, hamburguesas, sandwiches...
> Karaoke
> Wifi
Seoane - Visantoña
Tlf.: 981 51 07 65

Suave. Cremoso. Nutritivo.
Queixo Arzúa-Ulloa
O tradicional queixo galego
Certificado pola
Denominación de Orixe Protexida
queixo@arzua-ulloa.org
Tfno. e fax: 981 50 76 53
DENOMINACIÓN DE ORIXE
Arzúa Ulloa
XUNTA DE GALICIA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
FEADER: Europa inv iste no rural

Exemplo e norma formativa para a xuventude (II)

Xosé Núñez, escritor

No número anterior de Cerne faciamos referencia á primeira parte dunha pequena historia que compuxo o insigne escritor estadounidense Elbert Hubbard, valéndose da antiga guerra de Cuba. Un conxunto de anécdotas que, como exemplo de virtudes, poden ser interesantes especialmente para a xente que busca ou xa ten un traballo e queren comportarse ben para gañar a confianza do xefe, levar o traballo con certo cariño e interese e, ao mesmo tempo, non lles resulte un aburrimento.

Nesta segunda parte da historia, "Exemplo e norma formativa" fainos ver que moitas veces estamos facendo un traballo con pouco entusiasmo, sendo frecuente atopar neglixencia, imprudente atolondramento, indiferenza ou vaidosa presunción, xa que tamén hai persoas que falan como se ata que eles viñeran ao mundo ninguén fixese nada, despois de tantos séculos de civilización vividos pola humanidade.

En todo caso, a persoa traballadora non debe limitarse a cumprir coa súa obriga no posto de traballo, senón que ha de facelo apaixonadamente, con ilusión e interese. Debe ter unha gran tenacidade e obrar con dilixencia; non facer as cousas con desgana ou mala gana. Ten que actuar con razoamento e ter unha firme vontade de vencer. En fin, debe saber "levar unha mensaxe a García".

E para a confirmación de canto queda exposto recóllese o seguinte exemplo: entre os empregados de certa casa comercial de Manila causou desgusto o feito de que o derradeiro incorporado á empresa, que só levaba dous anos traballando alí, fora ascendido nada menos que a apoderado, saltando por riba de varios compañeiros, entre os que se atopaban algúns que xa levaban mais de vinte anos traballando na empresa.

Por iso, unha comisión formada polos que se consideraban máis responsables e capacitados acudiu en respectuosa queixa ao director, expoñéndolle a súa decepción ante tal nomeamento.

Cando xa ían terminando as súas razóns, o director interrompeunos cun sinal que reclamaba silencio debido a que se ouvía un gran ruído procedente da rúa. Referíndose a un deles díxolle: "quere vostede facer o favor de descubrir de onde vén ese barullo?". O empregado, asomándose a ventá, contestoulle: "son uns camións que pasan pola rúa".

Continuaron falando, pero cando aínda non acabara o seu discurso o que fora interrompido, volveu a ouvirse o mesmo ruído. Novo ademán de silencio por parte do director para dirixirse a outro dos reclamantes e dicirlle: "ten vostede a vontade de descubrir cal é a causa dese ruído?". Este outro non se dirixiu ao balcón; baixou á rúa e volveu co informe de que eran os mesmos camións de antes.

Como o estrépito continuaba, o director tocou un timbre para chamar ao novo apoderado, cuxo ascenso era a causa daquela reunión, para dicirlle: "Mr. Bold, quere vostede descubrir cal é a causa dese ruído?".

Pouco tempo despois volveu Mr. Bold co seguinte informe:

- "son uns camións que levan ao peirao número 16 as catro mil balas de algodón que a Casa Smitson manda polo barco Red Star á fábrica de Hacly de Dublín. Que, por certo, acadaron facer unha venda con dous peniques de vantaxe sobre o prezo da bolsa de onte debido a..."
- "Basta xa", -interrompeu o director e, dirixíndose aos 'vexetativos reclamantes', díxolles: "vén vostedes a diferenza? Mr. Bold é sinxelamente un home capaz de levarlle unha mensaxe a García, nada máis".



O escritor estadounidense Elbert Hubbard (Foto: Wikipedia)

Aprendendo a meditar

Ángel Curtis

O primeiro que temos que facer para meditar é atopar un lugar onde poidamos estar sós, sen que ninguén nos moleste, cómodos e tranquilos. Buscaremos unha posición que nos resulte cómoda nun sofá, nunha cadeira de brazos, na cama ou mesmo no chan. Se estamos deitados colocaremos unha almofada baixo a cabeza. Non é imprescindible para meditar adoptar posición de loto, excepto que esa postura xa nos resulte máis cómoda porque esteamos acostumados a ela. Si é importante evitar roupa ou calzado que nos moleste e non esquecer nunca respirar con corrección, iso facilita a circulación da sangue e a relaxación.

Para meditar temos que utilizar tres fases: unha fase corporal, unha mental e outra espiritual; é dicir, faremos un traballo co corpo, un coa mente e outro co espírito ou alma. Ao traballo co corpo chamarémoslle relaxación, ao traballo coa mente concentración e, ao espiritual, contemplación.

O primeiro que faremos co corpo é relaxalo. A relaxación é a antesala da meditación. Ao noso corpo sometémolo a todo tipo de excesos, ambientes, comidas, posturas, bebidas, etc., en moitos casos nocivos para a saúde. Para que todo iso non lle afecte debemos relaxalo de todo exceso e opresión.

A relaxación faise percorrendo mentalmente as distintas partes do noso corpo ata conseguir un estado máis tranquilo, máis distendido, menos tenso, tanto do sistema nervioso como muscular, e así liberalo das nosas tensións e estrés.

Na fase mental facemos o mesmo, pero non co corpo, senón coa mente. A nosa mente está en constante movemento con recordos, imaxes, sons, emocións, desexos, etc., e se non a aquietamos, se non a silenciamos de vez en cando, estrésase e fatígase. Por poñer un exemplo: imaxinádevos que acendemos o motor dun coche e non o apagamos nunca; chega un momento no que ese motor quéimase. O mesmo lle pasa a nosa mente se non desconectamos; se non a apagamos nunca acabará queimándose.

O que temos que facer coa mente é desconectala dese bombardeo continuo de pensamentos. Iso conséguese coa meditación, que é o mellor antídoto contra o estrés. Se observamos a mente decatarémonos de que case sempre está pensando no pasado e no futuro, moi poucas veces no presente, que é onde deberíamos estar mentalmente. É dicir, no aquí e no agora, ese é o único tempo real. Para que iso suceda temos que centrarnos en dúas cousas: a atención e a intención, focalizando ambas cara a onde nós queremos e non cara a onde queiran os nosos pensamentos. Non permitir que os pensamentos sexan os nosos donos, ser nós os seus donos. Ao principio non é doado conseguir evitar que nos invadan todo tipo de pensamentos, pero a medida que avanzamos na meditación é cada vez máis fácil.

O primeiro que temos que facer é concentrarnos nunha imaxe, un son, un punto de luz, o que se chama un "mantra". O mantra é unha ferramenta para usar a mente e viaxar a través dela. O máis recomendado e eficaz, sobre todo para os non experimentados na meditación, é concentrarse na respiración. É o máis básico, o máis elemental e por esa razón o máis esencial.

A última fase da meditación é a contemplación, a fase do espírito, da alma; esa parte que rompe co mecanismo racional que case sempre é o que impera entre nós.

A contemplación dá paso a un mecanismo diferente, un mecanismo máis intuitivo, máis visceral, máis sutil e abstracto, pero non por iso menos excepcional, senón todo o contrario.

Unha das experiencias que sufrimos ao entrar en contacto co noso verdadeiro ser é unha experiencia de medo e sufrimento coas nosas propias sombras, coas dores que un arrastra como consecuencia da vida.

En vida non se pode vivir sen que nos firan, ao igual que nós ferimos a outros, o que nos fai sentirnos incómodos, agredidos. Espértase en nós o sentimento de culpabilidade. Só enfrontándonos as nosas sombras e superando o sentimento de culpabilidade poderemos chegar á paz interior, ao núcleo da luz, que é o que somos, porque non só somos sombras, dor, vaidade, ambición... tamén somos bondade, beleza, gratitude e luz. Por tanto, viñemos a este mundo a vencer eses medos, esas sombras; a que non se apodere de nós esa enfermidade silenciosa que é a enfermidade da alma.

A meditación é unha aventura, un camiño transformador. É ese alquimista que nos axuda a acadar a paz e o silencio interior. Se conseguimos modificar a nosa mente podemos conseguir modificar o noso mundo interior. Unha tarefa máis fácil e útil para nós que intentar cambiar as circunstancias externas do mundo en que vivimos.

Nunha ocasión alguén dixo: "ata agora os pensamentos pensáronme, os sentimentos sentíronme e a vida viviume, logo agora doume conta de que nin pensei, nin sentín, nin vivín, e por esa razón a partir deste momento comezo a practicar a meditación".

Francisco de Asís dixo: orar é falar con Deus, meditar é escoitalo.
Non esquezades nunca que a meditar apréndese meditando.

ASOCIACIÓN DE TERAPIAS ALTERNATIVAS
Ángel Curtis

Tratamentos e terapias complementarias
para mellorar a saúde
Acupuntura, Relaxación, Meditación,
Reiki Midfulness.
web: angelcurtis.com
email: angelcurtis981@yahoo.es
Tlfn: 677670051 / Tamén en Facebook

ROBERTO MEJUTO VÁZQUEZ, TALLERES MEJUTO

“É fundamental realizar un bo mantemento do vehículo para que este dure máis anos”

Ao longo dos anos as cousas cambian, e máis nun sector como é o da venda e reparación de automóbiles. Talleres Mejuto leva varias décadas ofrecendo un servizo profesional de mantemento e reparación de vehículos en Melide que soubo adaptarse aos novos tempos e ás novas tecnoloxías. Para os seus propietarios, o fundamental para que o noso coche perdure no tempo é un mantemento axeitado e seguir as recomendacións das casas oficiais. Recoñecen ademais a preocupación entre os compradores pola contaminación e, en consecuencia, o aumento na demanda de automóbiles a gasolina.

- Talleres Mejuto conta cunha longa traxectoria
- Roberto Mejuto (R.M.): Pois si, oficialmente dende o ano 1996, pero entre unha cousa e outra preto de trinta anos traballando.

- Son vostedes só taller?
- R.M.: Somos taller e servizo oficial Opel.

- Cales son os servizos que prestan?
- R.M.: Mantemento e reparación; digamos que primeiro facemos a venda, logo todo o servizo de mantemento e finalmente toda clase de reparacións.

- Que tipo de reparacións son as máis frecuentes?
- R.M.: O que máis adoitamos facer son os mantementos, como o cambio de aceite, filtros, pastillas de freo, ese tipo de cousas. E despois toda clase de reparación de golpes, tanto de carrocería como de mecánica.

- Cada canto convén revisar un coche?
- R.M.: Hoxe en día debemos facelo cada ano, porque así está recomendado pola marca, sobre todo se temos en conta o período de garantía. Logo, de non facerse cada ano debería ser como máximo cada 30.000 quilómetros.

- Nesa revisión anual que é o que se lle fai ao vehículo?
- R.M.: Unha inspección profunda onde entran todos os líquidos, filtros e tamén o engraxe do coche. Sen meternos en termos técnicos estariamos falando dun mantemento a fondo.

- Como usuarios, que debemos facer para tratar mellor ao noso vehículo?

Roberto Mejuto nas oficinas do taller que rexenta en Melide

- R.M.: Depende do que nos recomende cada casa, pero o fundamental en xeral é facerlle ben e en tempo os mantementos necesarios e as revisións que aconselle a marca. E despois, partindo de que cada condutor é diferente, sempre hai outro tipo de aspectos a ter en conta; por exemplo, hai marcas que recomendan conducir a altas revolucións polo tema da eliminación de partículas, sen embargo na nosa marca, no tema de partículas xa rexenera o vehículo de forma automática. Son aspectos puntuais, pero máis alá diso creo que o fundamental é facer caso ás recomendacións das casas oficiais.

- Que factores danan máis a un automóbil?
- R.M.: Pois por poñer un exemplo, aos vehículos que están preto do mar oxídaselles moito máis a carrocería, e incluso o motor. Logo, un dos aspectos máis importantes a ter en conta dende o noso punto de vista é que o condutor leve o coche as súas revolucións, ás que lle pertence, a revolucións normais vamos. É importante tamén que o trato e o mantemento sexa o adecuado e, con iso e coa boa mecánica que existe hoxe en día, non debería haber problema para que un coche dure moitísimos quilómetros.

- Sendo así, canto nos debería durar un coche?
- R.M.: Depende sempre de moitos factores, pero por norma xeral hoxe un coche diésel ou gasolina debería durar unha media de 300.000 quilómetros, e incluso 500.000. Pero tamén che digo que os coches diésel, facéndolle o mantemento axeitado, moitos deles chegan ao millón de quilómetros.

- Cambiamos máis agora de coche que hai uns anos?
- R.M.: A verdade é que percibimos que se está ampliando o prazo de compra de coches; quero dicir, hoxe en día cómpranse menos coches que hai dez anos por exemplo. Antes cambiábanse máis a miúdo. Pero o de vender menos na actualidade é en xeral, ten en conta que tamén hai moita máis competencia e moitas máis marcas ás que podemos acceder. Pero que se vende menos é certo, abonda con ver as estatísticas nas que Galicia é unha das comunidades onde máis automóbiles vellos hai.

- En canto á medida que pretende eliminar os vehículos diésel, cre vostede que estamos preparados? Ou concienciados?
- R.M.: Ata o de agora é complicado facer un balance, é unha medida moi recente, pero o que si che podo dicir é que con respecto ao tema da contaminación si que notamos que a xente se inclina máis pola compra de coches a gasolina. No noso caso concreto, hoxe en día pasa do 50% a compra de vehículos a gasolina.

> “Notamos que a xente se inclina máis pola compra de coches a gasolina”

- En todos estes anos como evolucionou a reparación de automóbiles?
- R.M.: Foi un cambio radical. Agora ao ser todo electrónico as reparacións son moito máis profesionais e tamén máis custosas porque requiren de servizos específicos. Todo é máis técnico. A mecánica e a tecnoloxía cambian incluso de modelo a modelo, pero tamén é certo que evolucionar cara a comodidade, como é neste ámbito, sempre é bo, porque aínda que nos saia un pouco máis caro, a longo prazo compensa.

- Rematamos cunha anécdota?
- R.M.: Pois hai moitas, pero lembro unha moi simpática e curiosa (risas). Veu un cliente un día que nos dixo que o seu coche consumía moi pouco, que gastaba pouco combustible, pero o que estaba facendo era mirar para a agulla da temperatura en vez de para a agulla do combustible, e claro que así consumía pouco. Pensaba que o depósito sempre estaba cheo de gasolina. E o mellor é que iso xa me pasou dúas veces.

Talleres Mejuto

Tlf: 981 50 59 99
Rañado, s/n - Melide

Distribuciones

Ribeirao

Coca-Cola

Distribuidor Oficial

HIJOS DE RIVERA, S.A.
Estrella Galicia

Sala de Catas

VIÑOTECA
Ribeirao
Vino con Arte

Antigua Ferretería Ribeirao

Más de 1000 Referencias